

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE ROIS PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE "MELLORA DO SANEAMENTO NO CONCELLO DE ROIS. EDAR DE SORRIBAS. ROIS (A CORUÑA)", COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2023-2027

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Ramón Tojo Lens, alcalde do Concello de Rois, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

### EXPOÑEN

**Primeiro.** O Concello de Rois ten atribuídas competencias en materia de saneamento, con base na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2 configura o saneamento e a depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo



28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

**Segundo.** A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

**Terceiro.** A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.



Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, establece que as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga traballarán para conseguir, entre outros obxectivos xerais, os seguintes: a mellora e innovación na xestión do ciclo integral da auga e nas tecnoloxías aplicables para incrementar a eficiencia no uso e na protección dos recursos hídricos, coa utilización das mellores técnicas dispoñibles; a realización dos labores de mantemento e reparación axeitados para protexer as infraestruturas existentes e conservalas nas condicións óptimas para a prestación dos servizos; ou a reposición das infraestruturas vinculadas á xestión do ciclo integral da auga cando esgoten a súa vida útil.

**Cuarto.** O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

**Quinto.** As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na "Mellora do saneamento no concello de Rois. EDAR de Sorribas. Rois (A Coruña)"



Actualmente o núcleo de Sorribas, no concello de Rois, conta cun sistema de tratamento das súas augas residuais cun deficiente funcionamento polo que é preciso a implantación dun sistema de depuración adecuado.

Preténdese con esta actuación executar unha nova rede de saneamento separativa e unha estación depuradora de augas residuais con capacidade para atender a unha poboación de 46 habitantes.

**Sexto.** As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC) de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, aprobado por Decisión de execución da Comisión C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022, e as súas modificacións, que deron lugar á versión vixente do PEPAC aprobada por Decisión de execución da Comisión C (2024) 6133 final, do 30 de agosto de 2024.

**Sétimo.** Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Rois que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Mellora do saneamento no concello de Rois. EDAR de Sorribas. Rois (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.



## SEGUNDA. OBRIGAS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión das obras ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula sexta.

3. Controlar a calidade e a seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.

4. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

5. No ámbito das súas facultades, colaborar co concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

## TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello obrígase a:



1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula sexta.
4. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
5. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.



6. Recibir as obras e, como titular delas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
7. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
8. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

#### **CUARTA. OBRIGAS DAS PARTES EN RELACIÓN Á NORMATIVA REGULADORA DO FEADER**

As partes asumen as obrigas que lle corresponden conforme a normativa reguladora do FEADER, en particular:

1. As de información e publicidade dispostas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 2022/129, da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC.
2. As relativas aos investimentos previstos no artigo 73 do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos Plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1307/2013.
3. As estipuladas no Regulamento de Execución (UE) 2022/128 da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia.
4. As previstas no artigo 65 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao



Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados

## QUINTA. OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que esta entidade considere necesaria para a súa redacción e para a súa execución, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen máis trámites que a comunicación aos concellos.

## SEXTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

1. O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a trescentos vinte e catro mil setecentos trinta e un euros con setenta e cinco céntimos (324.731,75 €), coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

ANUALIDADES	IMPORTE
2025	74.928,60 €
2026	249.803,15 €
<b>TOTAL</b>	<b>324.731,75 €</b>

2. As citadas actuacións están baseadas no estipulado no Plan marco das actuacións enmarcadas no PEPAC 2023-2027 en Galicia e financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) da subintervención 6872\_05- Augas. Abastecemento e



saneamento, previo informe favorable da Autoridade xestión rexional; e no Plan anual de actuacións de Augas de Galicia, no que se dispón a selección de operacións de cada ano en función da valoración obtida segundo a versión vixente dos criterios de selección de operacións do PEPAC e executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013, establece as normas que regulan os obxectivos xerais e específicos que deben perseguirse coa axuda da Unión financiada no marco da política agrícola común, os tipos de intervencións e requisitos comúns para que os Estados membros persigan os ditos obxectivos, así como os plans estratéxicos da PAC que deben elaborar os Estados membros, e que establecen as metas, as condicións das intervencións e a asignación dos recursos financeiros, de conformidade cos obxectivos específicos e as necesidades recoñecidas.

Polo que se deberán observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación aos FEADER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do fondo europeo citado, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

3. Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán dous tramos diferentes de fontes de financiamento:

a) Gasto non elixible, que suporá aproximadamente un 20,13 % dos gastos totais, que se financiará polo concello e por Augas de Galicia.



Os gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas dos contratos non son elixibles.

b) Gasto elixible, que suporá aproximadamente o 79,87 % dos gastos totais, e financiarase pola Unión Europea, pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), nun 60%, no marco da intervención 6872\_Investmentos en servizos básicos en zonas rurais, do Plan estratéxico da PAC 2023- 2027 (Subintervención 6872\_05 Augas. Abastecemento e saneamento).
- Pola Xunta de Galicia nun 28 %.
- Polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 12%.

4. Augas de Galicia achegará o 80% do investimento total das actuacións obxecto deste convenio, que ascende a douscentos cincuenta e nove mil setecentos oitenta e cinco euros con corenta céntimos (259.785,40 €), coa seguinte previsión inicial de anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTE
2025	59.942,88 €
2026	199.842,52 €
<b>TOTAL</b>	<b>259.785,40 €</b>

Para financiar a súa achega Augas de Galicia prevé dispoñer de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos". A aplicación orzamentaria para o financiamento do convenio é 06.82.542B.60131 (código de proxecto 2025.00024).

5. O Concello achegará o 20% do investimento total das actuación obxecto deste convenio que ascende a sesenta e catro mil novecentos corenta e seis euros con trinta e cinco



céntimos (64.946,35 €) a ingresar na conta que Augas de Galicia indique ao efecto, de acordo co seguinte calendario de pago:

Data de pago	Importe
Último trimestre de 2025	14.985,72 €
Último trimestre de 2026	49.960,63 €
<b>TOTAL</b>	<b>64.946,35 €</b>

En ningún caso, a achega do concello será superior ao gasto non elixible. Se o gasto non elixible definitivo resulta superior, Augas de Galicia financiará a diferenza.

6. Cada parte asumirá, na porcentaxe prevista para os investimentos totais das actuacións (Augas de Galicia un 80% e o Concello un 20%), as variacións económicas, á alza ou á baixa, pola adxudicación do contrato de obra e dos contratos asociados á execución da obra (asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

7. Para o financiamento deste convenio, o concello achegou a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente conforme ás anualidades de pago establecidas.

Así mesmo, unha vez asinado o convenio e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica.

Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

8. Logo do pagamento das certificacións das obras e de todas as certificacións dos contratos asociados a esta, Augas de Galicia remitirá ao concello a documentación



xustificativa do gasto efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.

No caso de que a achega realizada polo concello sexa superior ao 20% do investimento total das actuacións obxecto do convenio, Augas de Galicia devolverá a diferenza entre a achega realizada polo concello e as citadas cantidades.

9. No caso de impago, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta, de conformidade co establecido nos artigos 62 e seguintes da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

## **SÉTIMA. TITULARIDADE DAS OBRAS E POSTA A DISPOSICIÓN**

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia e asumirá a súa posta en servizo, mantemento, explotación e conservación xa que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de colaboración financeira.

Augas de Galicia comunicará ao concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade e as porá á súa disposición para o efectivo cumprimento das obrigas de explotación, conservación e mantemento asumidas neste convenio.

O concello será convocado previamente ao acto de posta a disposición, que se celebrará seguidamente ao da recepción das obras por Augas de Galicia, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto asinada polos representantes de ambas administracións.

Non obstante o anterior e, de ser o caso, Augas de Galicia poderá cursar notificación ao concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñéndolas á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á



entrega das obras e o concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.

## **OITAVA. RELACIÓN LABORAL**

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

## **NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.



## **DÉCIMA. NATUREZA DO CONVENIO**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

## **UNDÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

## **DUODÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas nos puntos 1 e 4 da cláusula sexta, sempre que non se incremente o seu importe global nin o número de anualidades de gasto, que poderá ser acordada por Augas de Galicia para a súa adecuación ao ritmo de execución das actuacións.

## **DÉCIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes



- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o convenio se extinga por causas imputables ao concello, as instalacións executadas ata ese momento poráñse a disposición do concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sétima deste convenio.



## **DÉCIMO CUARTA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA**

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En particular, o concello obrígase a cumprir co establecido no artigo 65 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura, así como as normas financeiras destes Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e á política de visados.

## **DÉCIMO QUINTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

## **DÉCIMO SEXTA. PUBLICIDADE**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e do resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



Este convenio é susceptible de financiamento no marco do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) do Plan estratéxico da PAC 2023- 2027 e, polo tanto, os beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 2022/129, da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

#### DÉCIMO SÉTIMA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

[https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document\\_library/get\\_file?file\\_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto\\_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf](https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf).

2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>.

Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) ([https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl\\_ES](https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES)). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.



A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento

*A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto*

*O alcalde do Concello de Rois, Ramón Tojo Lens*



**Anexo de desenvolvemento da cláusula sexta do convenio de colaboración entre augas de Galicia e o concello de Rois para a execución da actuación "mellora do saneamento no concello de Rois. EDAR de Sorribas. Rois (A Coruña)", cofinanciado polo FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) no marco do PLAN ESTRATÉGICO da PAC 2023-2027 (CV25003)**

O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a trescentos vinte e catro mil setecentos trinta e un euros con setenta e cinco céntimos (324.731,75 €), coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

Exercicio	Importe
2025	74.928,60 €
2026	249.803,15 €
Total	324.731,75 €

Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán o seguinte financiamento:

a) o concello achegará o 20% do custo total das actuacións obxecto deste convenio que ascende a sesenta e catro mil novecentos corenta e seis euros con trinta e cinco céntimos (64.946,35 €).

b) o gasto non elixible será a suma dos gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas dos contratos e financiarase da seguinte forma:

transferencia finalista do concello	64.946,35 €
FCA, canon de auga	433,01 €
total do gasto non elixible	65.379,36 €

c) o gasto elixible financiarase pola Unión Europea, pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante unha transferencia de capital da consellería á que estea adscrita Augas de Galicia, do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), nun 60%, no marco da intervención 6872\_Investmentos en servizos básicos en



zonas rurais, do Plan estratéxico da PAC 2023- 2027 (Subintervención 6872\_05 Augas. Abastecemento e saneamento).

- Pola Xunta de Galicia nun 28 %.
- Polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 12%.

	MOD.1020	MOD. 3020	MOD. 4280	TOTAL ELIXIBLE
2025	16.756,03 €	7.181,16 €	35.905,78 €	59.842,97 €
2026	55.862,64 €	23.941,13 €	119.705,65 €	199.509,42 €
TOTAL	72.618,67 €	31.122,29 €	155.611,43 €	259.352,39 €

En todo caso, o concello asumirá o 20% do gasto definitivo derivado da execución dos contratos tramitados para a correcta execución das actuacións conveniadas (obra, asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), incluídas as variacións económicas, á alza ou á baixa, orixinadas por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

Na contabilidade de gasto de Augas de Galicia deberán diferenciarse as distintas modalidades de gasto para poder realizar un adecuado seguimento contable das fontes de financiamento do convenio.

Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

Durante a execución do gasto, Augas de Galicia contabilizará o gasto na conta financeira 230 investimentos xestionados para outros entes públicos. Unha vez se entregue a infraestrutura ao concello, a efectos da súa baixa no inventario de Augas de Galicia, trasladarase o gasto acumulado mediante asento contable á conta financeira 6556 transferencias de capital a corporacións locais.



O Concello realizará as súas achegas de acordo ao seguinte calendario de pago:

	Importe
2025	14.985,72 €
2026	49.960,63 €
TOTAL	64.946,35 €

Para o financiamento deste convenio, o concello achega a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente. Unha vez asinado o convenio, e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica.

En todo caso, as achegas municipais axustaranse ao ritmo de execución das actuacións conveniadas, comprometéndose Augas de Galicia, ao final de cada exercicio, a remitir ao concello a documentación xustificativa do gasto efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.

Anualmente o concello deberá recoñecer a súa obriga con Augas de Galicia de acordo co ritmo de execución de gasto certificado. Se no prazo de tres meses desde a recepción da notificación da documentación xustificativa para efectuar o pago da anualidade correspondente, o concello non efectuase o pagamento, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta, de conformidade co establecido nos artigos 62 e seguintes da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

